

Comisión de Grao en Intelixencia Artificial da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Alberto Bugarín Diz, secretario da Comisión de Grao en Intelixencia Artificial da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión de do Grao en Intelixencia Artificial da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión extraordinaria celebrada o 30 de novembro de 2023 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

3. Plano Estratéxico da ETSE

Propoñer á comisión de calidade da ETSE as liñas estratéxicas que se indican de seguido para a reunión da Comisión de Calidade do 01/12/23:

- a. LIÑA 1.- RECURSOS E PERSOAS
- b. LIÑA 2.- IMPULSO E FORTALECEMENTO DA DOCENCIA
- c. LIÑA 3.- VISIBILIDADE DA ESCOLA E SERVIZO A SOCIEDADE
- d. LIÑA 4.- INTERNACIONALIZACIÓN

4. Recurso recoñecemento de materias por estudos de Ciclo Superior de FP

Na reunión do 16/10/23 acordárase o recoñecemento do estudante de 12 ECTS de formación básica ao estudante RBC por ter superado as materias que conducen ao título do Ciclo Superior en automatización e robótica industrial. Con data 24/10/23 o estudante presenta recurso solicitando que se lle recoñezan un mínimo de 30 ECTS alegando: 1) que o RD 1618/2011 indica que o número de créditos recoñecido entre graos da mesma familia é de 30ECTS e 2) que a RR de 24/11/2011 establece un recoñecemento de 30ECTS entre o ciclo automatización e robótica industrial e o Grao en Enxeñaría Informática. Analizada a normativa de aplicación compróbase que o RD 1618/2011, apartado 5.2 establece que:

“Las relaciones directas de los títulos universitarios de grado con los títulos de grado de enseñanzas artísticas, de técnico superior y de técnico deportivo superior se concretarán mediante un acuerdo entre las universidades que los imparten y la Administración educativa correspondiente”.

Nese sentido, a Xunta de Galicia e a USC teñen publicado o [“Catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios”](#) (Actualizado o 17/10/2022)”. Nese acordo establécense os recoñecementos que se indican de seguido para para os Graos en Enxeñaría Informática do SUGs e o ciclo cursado polo estudante:

- A USC recoñece 12 ECTS de formación básica e 18 de optatividade
- A UDC recoñece 6 ECTS de formación básica



- A UVIGO recoñece 12ECTS de formación básica, 6ECTS de formación obrigatoria e 6ECTS de formación optativa.

Á vista do anterior acórdase manter o recoñecemento da formación básica xa decidido e ampliar o recoñecemento para incluír a totalidade de formación optativa do Grao en Intelixencia Artificial (6 ECTS).



Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ALBERTO JOSE BUGARIN DIZ, NIF ***1415**, 01/12/2023 14:13:38.

CSV: D451-9F6E-47A4-8597